



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Maio 2021**


Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Maio 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en maio de 2021 un ascenso do 37,2% con respecto a maio de 2020, mentres que a nivel nacional rexistrouse un crecemento do 28,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 70,4%, os bens de equipo aumentaron un 45,4% e os bens intermedios un 34,1%. Pola súa parte a enerxía creceu un 3,2%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a “fabricación de vehículos de motor” que achega 7,2 puntos, a “confección de roupa de vestir” que suma 6,1 puntos e a “industria da alimentación”, que engade 4,6 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas destacan dúas ramas: a “producción de enerxía eléctrica” que resta 0,6 puntos e a “fabricación doutro material de transporte”, que minora 0,3 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Maio 2021



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de maio de 2021 rexistrou en Galicia un ascenso do 37,2% en taxa interanual, empeorando en 44,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (81,6%). En España, rexistrouse un aumento do 28,2%, taxa 22 puntos inferior á acadada no mes anterior (50,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 70,4%, o que engade 16,3 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 45,4%, o que achega 9,0 puntos.
- Os **bens intermedios** suben un 34,1%, cunha repercusión positiva de 11,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 3,2% sumando 0,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de abril de 2021, por destino económico, os bens de consumo empeoran 20,1 puntos, os bens de equipo 118 puntos, os bens intermedios 37,4 puntos e a enerxía empeora 12,2 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de marzo foron: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 7,2 puntos, a “confección de roupa de vestir” que suma 6,1 puntos e a “industria da alimentación”, que engade 4,6 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan dúas ramas: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 0,6 puntos e a “fabricación doutro material de transporte”, que minora 0,3 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de maio moveuse entre o 11,1% de Baleares e o 57,4% de Extremadura.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Galicia (37,2%), Cantabria (34,9%), Asturias (34,8%), Cataluña (33,7%), Aragón (33,0%), Navarra (33,0%), Castilla y León (31,1%), Comunitat Valenciana (30,3%) e País Vasco (30,3%).

#### IPI Maio 2021 Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Maio 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	98,6	37,2	19,3	--	--
Bens de consumo	123,5	70,4	27,9	16,3	6,7
Bens de equipo	79,9	45,4	28,2	9,0	6,3
Bens intermedios	126,4	34,1	16,7	11,2	4,7
Enerxía	68,8	3,2	6,3	0,8	1,6
<b>España</b>					
Xeral	105,7	28,2	13,5	--	--
Bens de consumo	103,9	19,8	8,6	5,4	2,3
Bens de equipo	106,0	40,8	21,2	8,3	4,5
Bens intermedios	118,5	36,6	17,7	11,6	5,6
Enerxía	89,8	14,1	5,7	2,9	1,2

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2021**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>37,2</b>		<b>19,3</b>		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	108,3	7,2	50,9	5,5	13,1
Confeción de roupa de vestir	1.050,3	6,1	74,7	2,5	4,1
Industria da alimentación	24,9	4,6	8,8	1,4	13,2
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	37,5	3,6	12,2	1,0	7,7
Fabricación de bebidas	114,8	3,3	50,8	1,3	3,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	72,3	3,3	41,9	1,6	3,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	60,7	1,7	37,2	0,9	2,6
Fabricación de mobles	156,1	1,4	74,8	0,8	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	46,7	1,2	43,4	1,0	2,5
Outras industrias manufactureiras	425,6	0,9	67,7	0,3	0,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	13,3	0,9	7,5	0,4	5,1
Outras industrias extractivas	62,9	0,7	37,7	0,4	1,1
Industria téxtil	200,7	0,6	38,5	0,2	0,6
Industria do papel	12,9	0,4	-3,3	-0,1	2,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	6,3	0,2	7,2	0,2	2,0
Industria química	0,4	0,0	-8,8	-0,2	1,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-2,3	-0,1	-7,8	-0,3	4,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-4,8	-0,1	4,6	0,1	1,4
Fabricación doutro material de transporte	-15,2	-0,3	2,6	0,0	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-2,9	-0,6	8,4	1,8	22,3
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2021**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>105,7</b>	<b>28,2</b>	<b>13,5</b>
Galicia	98,6	37,2	19,3
Andalucía	97,0	23,9	7,5
Aragón	105,3	33,0	15,0
Asturias	105,3	34,8	15,2
Balears (Illes)	67,8	11,1	2,4
Canarias	85,5	13,0	-0,4
Cantabria	119,1	34,9	21,2
Castilla - La Mancha	97,8	17,6	7,8
Castilla y León	95,8	31,1	17,6
Cataluña	110,2	33,7	15,4
Comunitat Valenciana	112,2	30,3	16,2
Extremadura	107,8	57,4	12,6
Madrid	106,2	16,8	10,0
Murcia	121,9	14,7	5,2
Navarra	115,5	33,0	17,5
País Vasco	107,4	30,3	15,2
Rioja (La)	86,5	22,3	8,8

Fonte: INE